

CANLE DE DENUNCIAS

Neste apartado pode accederse á Canle de denuncias da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS), que é a canle electrónica habilitada por esta Axencia en aplicación do artigo 14 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

Esta canle configúrase como a vía preferente para comunicar información relativa a supostas accións ou omisións contrarias ao sistema de integridade previsto no [Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia](#) do 19 de maio de 2023 e no [Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024](#), do 26 de maio de 2021, aprobados ambos os dous polo Consello da Xunta de Galicia.

A comunicación por esta canle estrutúrase en dúas modalidades:

- **Modalidade anónima**, na que non é precisa a identificación da persoa informante, de xeito que os órganos que deban investigar non coñezan a súa identidade.
- **Modalidade nominativa**, na que é precisa a identificación da persoa informante, de xeito que os órganos que investigan coñecen a súa identidade e os seus datos de contacto e notificación. Nesta modalidade poderase manter a comunicación coa persoa informante para os efectos de solicitarlle, se é o caso, que aclare ou amplíe a información, e comunicarlle o tratamento dado á súa información, agás que renunciase expresamente a recibir comunicacións do responsable do sistema. Non obstante, garantírase a confidencialidade da persoa informante.